

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VIRXE DA PENA DA SELA  
CURSO: 2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA  
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Os seguintes criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe corresponden a contidos de ampliación.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>B3.1.</b> Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno.	<b>CNB3.1.2.</b> Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes.
<b>B4.1.</b> Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable.	<b>CNB4.1.2.</b> Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.
<b>B4.2.</b> Realizar experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.	<b>CNB4.2.1.</b> Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da aplicación dunha forza en situacións da vida cotián. <b>CNB4.2.2.</b> Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.
<b>B5.1.</b> Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan.	<b>CNB5.1.1.</b> Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá.
<b>B5.2.</b> Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.	<b>CNB5.2.1.</b> Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>O procedemento para a recollida de información, de forma sistematizada e obxectiva, sobre a consecución dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe será mediante a observación e análise das actividades entregadas por parte do alumnado.</p>
	<p>Os instrumentos físicos para levar a cabo o procedemento de observación e análise serán a través dos cadernos do alumnado, os traballos individuais, as escalas de observación, as listas de control e as rúbricas.</p>
<b>Cualificación final e do terceiro trimestre</b>	<p>A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global e terá en conta o progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave.</p> <p>Os referentes da avaliación para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos do terceiro trimestre serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que figuran no punto 1 da adaptación da programación didáctica.</p> <p>Ademais, na avaliación terase en conta a actitude, o esforzo e a participación do alumnado, a presentación das tarefas e o dominio dos contidos.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

<b>Actividades</b>	<p>As actividades realizadas na área de Ciencias da Natureza son as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>▪ Exercicios de completar, unir ou marcar a opción correcta para adquirir contidos propios da unidade.</li><li>▪ Visualización de vídeos relacionados cos contidos da unidade correspondente.</li><li>▪ Elaboración de carteis para promover a regra dos tres erros.</li><li>▪ Elaboración de experimentos relacionados coa masa e volume da materia e os cambios de estado.</li></ul>
<b>Metodoloxía</b>	<p>A metodoloxía que se emprega é a través dunha lista de difusión de mensaxes e do blog da titora deste grupo “Cativadas do Irixo.” Todo o alumnado recibe e envía as súas actividades por estas canles.</p> <p>En concreto, na área de Ciencias da Natureza, cada semana a titora recibe a proposta de actividades para traballar determinados contidos da materia a través de exercicios, vídeos ou experimentos.</p> <p>A súa vez, a mestra de Ciencias da Natureza recibe o traballo feito polo alumnado.</p> <p>A metodoloxía basease nos principios construtivistas da aprendizaxe, onde o alumnado sexa o protagonista da súa propia aprendizaxe. Por iso, a intervención docente apoia nos seguintes principios pedagóxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>✚ Actividades e vídeos lúdicos, na medida do posible, que esperten o interese e a participación do alumnado.</li><li>✚ Uso das tecnoloxías da información e da comunicación, xa que favorecen a motivación e a autonomía do alumnado.</li><li>✚ Partir da diversidade do alumnado para adaptar a metodoloxía</li></ul>

	<p>aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✚ Potenciar a autonomía do alumnado para que sexa capaz de aprender a aprender.</li> <li>✚ Asegurar a construción de aprendizaxes significativos, onde o importante é a comprensión, non a memorización.</li> <li>✚ Promover unha actividade-interactividade por parte do alumnado entre os coñecementos previos e os novos contidos.</li> </ul>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Os materiais e recursos utilizados son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Os correos electrónicos.</li> <li>✓ Unha lista de difusión de mensaxes.</li> <li>✓ O blog da titora deste grupo “Cativadas do Irixo.”</li> <li>✓ Os cadernos do alumnado.</li> <li>✓ Vídeos relacionados coa unidade.</li> <li>✓ Carteis, fotos e vídeos.</li> </ul>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	As canles de información empregadas co alumnado e coas familias do centro son unha lista de difusión de mensaxes, o blog da titora deste grupo “Cativadas do Irixo” e os boletíns de cualificacións.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.